



D^a.M^a DEL CARMEN MERINO MOÍNA, SECRETARIA DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

CERTIFICA:

Que a Xunta da Mancomunidad, en sesión de 12 de abril de 2018, entre outros, adoptou o acordo que na súa parte dispositiva di:

“6º.- CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS CONCELLOS DE CAMBADOS E VILANOVA DE AROUSA, PERTENCENTES Á MANCOMUNIDADE DO SALNÉS (PONTEVEDRA).”

A secretaria dá lectura á seguinte proposta da presidencia:

“APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E INICIACIÓN DA LICITACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO SE PROCEDE:

Visto o expediente de contratación incoado para a adxudicación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, varios criterios de adxudicación, do servizo de “RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DOS CONCELLOS DE CAMBADOS E VILANOVA DE AROUSA, PERTENCENTES Á MANCOMUNIDADE DO SALNÉS (PONTEVEDRA)”, por un período de CATRO anos máis un ano de prórroga, polo orzamento base de licitación de 717.711,89€ y 71.771,19 € en concepto de IVA (10%). Total anual con IVA 789.483,08€, e un valor estimado de contrato por un período de 5 anos (4 años máis 1 año de prórroga), IVA excluído, de 3.588.559,45€.

Redactados o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, existindo consignación suficiente nas aplicación orzamentarias dos Concellos beneficiarios do servizo (Cambados e Vilanova de Arousa) de acordo cos escritos remitidos e á vista do expediente tramitado ao efecto.

Esta presidencia, de conformidade co establecido no artigo 117 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, propón á Xunta da Mancomunidad a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, varios criterios de adxudicación, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos dos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, pertencentes á mancomunidad do Salnés (Pontevedra), autorizando o gasto con cargo ás aplicacións presupostarias correspondentes de cada un dos Concellos, obrantes no expediente.*

SEGUNDO. *Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de servizo, por procedemento aberto, varios criterios de adxudicación.*

TERCEIRO. *Publicar o anuncio de licitación no DOUE e no Perfil de contratante, para que no prazo de trinta e cinco días naturais a partir da data de envío do anuncio do contrato á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas, os interesados*

poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

CUARTO. *Delegar na Comisión executiva a adxudicación do contrato e demais actos precisos para a tramitación do expediente, así como os relativos á interpretación, modificación, suspensión ou resolución do contrato.*"

Sometida a votación a proposta, resulta aprobada por unanimidade.

E para que conste e ós efectos oportunos, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. Presidente en funcións, e á reserva dos términos de aprobación da acta, en Cambados a 19 de abril dous mil dezaioito.

Visto e prace do Presidente
Gonzalo Durán Hermida

MANCOMUNIDADE DO SALNES
Cambados
Illa de A
Grove. O
Meaño
Meis
Ribadumia
Sanxenxo
Vilagarcía de A
Vilanova de A
(Pontevedra)

A Secretaria
M^a del Carmen Merino Moira

